

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE FEBREIRO DE 2015**

### **FAVORABLES.-**

**LIC/1140/2014.- POUSADA ENXEBRE, S. L.-** Conceder a licenza para executar as obras de reforma dun local para dedicar á actividade de café-concerto sito na Praza de Cervantes nº 12 – Baixo

**LIC/2094/2014.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder a licenza para executar as obras de intervención no enreixado das ventás da fachada principal do convento de Santa Clara sito na rúa Santa Clara (Fase III).

**LIC/1033/2013.- SARAY FERNÁNDEZ MARQUÉS E MANUEL JESÚS OTERO.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda sita na rúa da Costiña do Monte nº 10

**LIC/206/2014.- MARIA ELENA VAZQUEZ QUINTÁNS.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgoso nº 37.

### **CADUCIDADE.-**

**LIC/2929/2004 E LAP/346/2004.- LORYGAR, S. L.-** Declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio en execución da sentenza ditada polo xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela das licenzas de obra e actividade concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local así como das obras de ampliación e rehabilitación concedidas pola Xunta de Goberno Local para a actividade hoteleira de catro estrelas con SPA e WELLNES na antiga fábrica de papel sita no SUNP-29 de Vidán; INCOAR o procedemento de revisión de oficio en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela das licenzas de obra e actividade dos expedientes LIC/2929/2004 E LAP/346/2004).

**2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de POUSADA ENXEBRE SL de licenza de obras de demolición interior de tabiques e unión de dpus locais na planta baixa de edificio sito na praza de Cervantes,12,2º. LIC/1140/2014.**

**3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de MARIA ELENA VAZQUEZ QUINTANS de licenza de obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgoso,37.LIC/206/2014.**

**4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de SARAY FERNANDEZ MARQUES e MANUEL JESUS OTERO de licenza de obras de rehabilitación dunha vivenda sita na rúa da Costiña do Monte,10.LIC/1033/2013.**

**5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude do Consorcio da cidade de Santiago de licenza de obras para intervención no enreixado das ventás da fachada principal do convento de Santa Clara.LIC/2094/2014.**

Concedéronse 4 licenzas:

- unha, para rehabilitación dun local para actividade de café-concerto na Praza de Cervantes (nº 12), cunha superficie de 202 m2. e un orzamento de execución material de 108.921 euros;
- outra para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, no lugar de Folgoso (nº 37), cun orzamento de execución de 94.000 euros. A propiedade cédelle ao Concello a título gratuito un terreo urbanizado de 39 m<sup>2</sup> para uso público.
- Unha terceira, para rehabilitación de vivenda na rúa da Costiña do Monte (nº 10), cun orzamento de execución de 68.226 euros.
- E a cuarta, solicitada polo Consorcio de Santiago para intervir no enreixado das ventás da fachada principal do convento de Santa Clara, cun orzamento de 34.667 euros.

**6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á declaración de caducidade a LORYGAR SL do procedemento de revisión de oficio en execución de sentenza das licenzas concedidas para a actividade hoteleira na antiga fábrica de pael sita no SUNP-29 de Vidán. LIC/2929/2004 e LAP/346/2004.**

A Xunta de Goberno acordou declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio, en execución de sentenza de febreiro de 2014, das licenzas de obra e actividades concedidas en 2005 e as de ampliación e rehabilitación de 2008 concedidas a LORIGAR, S.L. para actividade hoteleira na antiga fábrica de papel de Vidán.

**7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á revisión do canon anual do contrato administrativo para a xestión mediante concesión do servizo público de mantemento e reposición de zonas verdes do Concello de Santiago.**

Procedeuse á aprobación da revisión do canon do contrato para o mantemento e reposición de zonas verdes do Concello coa empresa CESPAS, S.A. entre decembro de 2012 e marzo de 2014, acordándose o pagamento de 1.918 euros en concepto de atrasos pola revisión do IPC nese período.

**9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do modelo de cartel corporativo das obras públicas do concello de Santiago de Compostela.**

Aprobouse un novo modelo de cartel corporativo das obras públicas do Concello de Santiago de Compostela, que introducirá o código QR a través do que, mediante dispositivos móbiles, se poderá acceder ao datos da obra anunciada existentes na web no departamento de Desenvolvemento Urbano Sostible.

Esta iniciativa trata de mellorar a transparencia, a participación cidadá e a información pública a través das novas tecnoloxías, en sintonía coa estratexia de Cidade Intelixente (Smart City) que está a desenvolver o Concello de Santiago.

**10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do Protocolo de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación Cidade da Cultura de Galicia para execución do proxecto "Bosque da cidade da cultura de Galicia"**

Aprobouse un protocolo de colaboración a subscribir coa Fundación Cidade da Cultura para a execución do Bosque de Galicia, que vai converter as ladeiras do monte Gaiás nun dos pulmóns verdes de maior extensión do concello en un espazo de recreo e de lecer para a cidadanía compostelá.

Mediante o protocolo, que non supón ningunha carga para a administración local, o Concello pon a disposición da Fundación unha parcela situada na ladeira noroeste do Gaiás, nas proximidades do Multiusos de Fontes do Sar, cunha extensión de 2,2 hectáreas, para labores de limpeza, roza e plantación de especies autóctonas. Tamén se propón a colaboración para divulgar e difundir o proxecto a través de calquera plataforma promocional a nivel local, nacional ou internacional.

**11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do convenio marco de colaboración entre o concello de Santiago e FERROVIAL SERVICIOS SA para lanzar liñas de investigación, innovación e desenvolvemento conxunto no ámbito da súa actividade aplicados ás Smart Cities.**

O convenio ten por obxecto lanzar liñas de investigación, innovación e desenvolvemento conxunto para a aplicación da estratexia de Cidade Intelixente (Smart City). Non supón carga económica para o Concello e vai dirixido a promover ideas e proxectos que poidan ser de utilidade para unha mellora na xestión municipal e para a prestación de mellores servizos coa aplicación de novas tecnoloxías.

En concreto, como anexo deste convenio inclúese xa a proposta de optimización enerxética da instalación da iluminación pública da Avenida Xoán XXIII con tecnoloxía innovadora e de alta eficiencia. Trátase de substituír os puntos de luz existentes entre San Caetano e San Francisco con lámparas LED, a instalación dun sistema de iluminación intelixente en pasos de cebra, así como o reemprazo dos apoios existentes e a renovación do condutor deteriorado. As novas luminarias disporán dun sistema de regulación dinámico e flexible, que permite a xestión e o axuste en tempo real e que avisa automaticamente dun posible fallo para a súa reparación inmediata.

**12.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de ACCION ARTISTICA SOBRE OS BAIXOS NO BARRIO DE CONXO.**

Aprobase o proxecto de “acción artística sobre os baixos no barrio de Conxo”, que se desenvolverá a través dunha colaboración entre o Concello e a Asociación de Comerciantes “Esperta Conxo” na procura de accións innovadoras e solucións imaxinativas que fagan máis atractivo e habitable este ámbito. Deste xeito, propónse levar a cabo neste ano 2015 varias accións artísticas para mellorar a estética do barrio, actuando nos baixos sen acondicionar das rúas Avda. de Vilagarcía, García Prieto, Sánchez Freire e outras adxacentes, sempre que contén co consentimento expreso dos propietarios.

Para iso, cóntase coa colaboración de varios artistas do grafiti galegos para representar, con técnica libre e sobre os lenzos de ladrillados baixos, as imaxes de comercios que non se atopan no barrio, como unha xoiería ou unha tenda de peixe. A colaboración non implica gastos para os traballos a realizar, xa que os artistas teñen mostrado a súa disposición a participar de forma desinteresada, aínda que o Concello vai facer unha previsión orzamentaria de 200 euros destinada a gastos de material.

**13.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á inadmisión do recurso presentado pola Asociación Veciñal A XUNTANZA do barrio de San Pedro por mor da demolición da Casa da Xuventude.**

Conforme ao informe da Asesoría Xurídica do Concello, acordouse non admitir o recurso presentado pola Asociación Veciñal A Xuntanza, do barrio de San Pedro, contra o acordo plenario de xuño de 2012 e contra os acordos da Xunta de Goberno de outubro e decembro de 2014 en relación co procedemento de demolición da Casa da Xuventude na praza do Matadoiro. Os motivos que fundamentan o acordo de inadmisión son a carencia de lexitimación para a interposición do recurso e a improcedencia deste por tratarse dunha disposición de carácter xeral. En relación cos acordos da Xunta de Goberno e co procedemento de contratación sinalase que se axustan en todos os termos ao establecido na lexislación de contratos do Estado.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa a aprobación do proxecto APEGO.**

**17.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa á convocatoria do III Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.**

**18.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa ao II Concurso de vídeo-creación para centros de ensino.**

Son tres iniciativas que teñen en común á promoción, defensa e divulgación do idioma galego entre a poboación e, de forma moi especial, entre a infancia e a mocidade, para tratar de contribuír a elevar os índices de autoestima e de utilización do noso idioma.

- O proxecto “Apego”, que promove o Concello de Santiago con outros dez concellos galegos, ten como obxectivo incrementar a porcentaxe de nenos e nenas que adquiren o galego como lingua inicial. Tamén se pretende promover que usen o idioma de maneira habitual, con accións dirixidas ao ámbito familiar e social das crianzas ata os seis anos e cun método de continuidade que se irá enriquecendo en rede. Con este fin, aprobase tamén un protocolo que establece redes de colaboración entre os concellos e entre departamentos da propia administración municipal, para desenvolver de forma conxunta e coordinada o citado programa.

- III Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego, que se acordou convocar en consonancia co labor de normalización lingüística que promove o Concello, trata de incidir no uso da lingua galega nos establecementos xa asentados no termo municipal e aqueles que se vaian incorporando á actividade comercial. O concurso -que está dirixido a profesionais do deseño e publicidade, así como a establecementos comerciais e de hostalería- ten un premio dunha contía de 5.000 euros.

- Por último, acordouse tamén a convocatoria do II Concurso de vídeo-creación para centros de ensino, dirixido a potenciar o traballo audiovisual e o uso da lingua galega entre a comunidade educativa, con premios de 400 euros para cada nivel educativo (infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria).

**15.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á concesión de transferencia nominativa á fundación EUGENIO GRANELL 2015.**

Aprobase a concesión dunha transferencia nominativa á Fundación Granell, por importe de 130.000 euros, destinada a colaborar nas actividades culturais que ao longo do ano realiza esta entidade.

**16.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros**

Aprobase a apertura do procedemento de adxudicación para o “servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica, excluído o recinto intramuros”, cun

tipo de licitación de 119.996 euros. O prazo fixado no contrato vai desde a súa adxudicación ata o remate de 2015. O adxudicatario deberá programar as actuacións a realizar de acordo coas urxencias que a Administración lle traslade en función dos avisos realizados polos veciños e pola policía municipal. Este contrato daralle continuidade ao adxudicado no pasado mes de novembro, cun gasto máximo de 60.500 euros, e complementa o dedicado ao “recinto Intramuros” que o Consorcio de Santiago adxudicou no terceiro trimestre do ano pasado, por importe de 79.134 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade relativa ao subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela.**

Acordouse a apertura do procedemento de adxudicación para o subministro de prendas superiores individuais para auga, calzado e complementos de uniformidade para a Policía Local. Trátase de 3 lotes para os que se destinan 34.020 euros, 14928 euros e 17.059 euros, o que fan un total de 66.007 euros.

**20.- Propostas da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativas á denegación de diversas axudas MAPIS.**

Denegáronse 3 axudas MAPIS a outros tanto solicitantes, logo de comprobarse a percepción doutras axudas incompatibles coas solicitadas.

**21 a 47.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no IBI en ben inmovible de natureza rústica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu 27 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 25 relativos a incremento de valor dos terreos de natureza urbana; 1 de ben inmovible de natureza rústica; e 1 para a exención de taxas de subministro de auga, saneamento, depuración e recollida de lixo.

**48.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude do obradoiro de emprego ECOTUR XUVENIL.**

Aprobouse o Proxecto de Obradoiro de Emprego “Ecotur Xuvenil” que contempla o acondicionamento dos sendeiros de Galeras a Ponte Albar (Rota dos ríos) e das Brañas de Sar. Estas actuacións inclúen traballos de roza, saneamento, drenaxe, encauzamentos de regueiros en pedra, enlousado e restauración de elementos patrimoniais e da arquitectura popular. Este proxecto será presentado para acollerse ás subvencións da Consellería de Traballo e Benestar, para o fomento da aprendizaxe e o emprego a través de obradoiros cunha duración de 6 meses (entre 1 de outubro de 2015 e 31 de marzo de 2016).

Este obradoiro prevé a participación de 45 alumnos-traballadores, con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos, que combinarán a súa formación coas retribucións dos labores que desenvolvan, relacionados coa xardinería, a albanelería e a colocación de pedra natural. O proxecto cifra un investimento total de 449.014 euros, dos que o Concello propón a achega de 50.000 euros (11,14%) para gastos de material e aluguer de equipos, e o resto correrá por parte da Xunta de Galicia, fundamentalmente para facerse cargo das retribucións e gastos de contratación do persoal directivo e dos alumnos-traballadores participantes.

**49.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao programa municipal de conciliación para a Semana Santa 2015.**

Aprobouse a Memoria do programa municipal de conciliación para a Semana Santa 2015, que se desenvolverá entre os días 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril nas instalacións dos CEIP Fontiñas, Roxos-Villestro e Raíña Fabiola (Entregaleras).

**50.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de desafectación da escola unitaria A Susana.Marrozos DOC 21 perante a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.**

Acordouse solicitarlle á Delegación provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a autorización para a tramitación do procedemento de desafectación da antiga escola unitaria da Susana ao servizo educativo ao que estaba afecta ata o ano 2009. Esta medida garda relación co proxecto “Ecotur Santiago II” que o Concello acordou presentar recentemente á Consellería de Traballo e Benestar para o financiamento dun obradoiro destinado a rehabilitar este inmovible para crear un centro BTT e de atención a visitantes do Val de Santa Lucía-Marrozos. A actuación inclúe a adaptación do edificio coa renovación das instalacións, traballos de illamento e de accesibilidade. O proxecto prevé un investimento total

de 449.014 euros, dos que o Concello está disposto a achegar 50.000, para a formación de 45 alumnos-traballadores durante 6 meses.

**51.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á devolución da fianza definitiva no expediente do servizo de avaliación intermedia e final do proxecto "Park Atlantic".**

Autorizouse a devolución dunha fianza por un importe de 1.448 euros, da empresa Desarrollo de Estrategias Exteriores, S.A. logo de rematar o servizo que realizou para o concello.